



## BASES: III MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS “IMPLÍCATE”

21 DE NOVEMBRO DE 2010

*"No pretendo que las mujeres tengan poder sobre los hombres sino poder sobre sí mismas"*

*Simone de Beauvoir*

Con ánimo de continuar o traballo de sensibilización, promoción e implicación da igualdade de oportunidades a Área de Igualdade do Concello de Camariñas organiza outro ano máis o Maratón fotográfico Implícate.

Queda un largo camiño ata chegar á **igualdade efectiva entre mulleres e homes**. A nosa sociedade sigue impregnada de estereotipos e roles de xénero que colocan ás mulleres nunha posición de desvantaxe e que dificultan a completa realización dos seus dereitos como cidadás.

As mulleres poucas veces son as protagonistas nos medios de comunicación, a non ser que sexan en negativo (outra morte máis), ou mostrando os seus corpos a carón de algún home. Isto vai cambiando lentamente, pero debemos insistir en **visibilizar** mulleres independentes, autónomas, poderosas ou non, pero visibles por elas mesmas sen ser apéndice de ninguén.

A **histórica invisibilidade** da mirada e da creación das mulleres, impediu que se coñeza a obra de artistas, pensadoras, científicas, o que a súa vez negou o nacemento de máis vocacións, de máis profesións,... Igualmente para romper cos estereotipos non hai nada mellor que coñecer outros modelos de muller, outros roles diferentes aos tradicionais.

Por iso, revelar outras miradas de mulleres, outras voces, outros saberes, outras formas de entender o mundo. **Visibilizar a mulleres empoderadas**, mostrar a contribución da muller á cultura e o arte, ensinar o traballo das mulleres científicas, técnicas, filósofas, políticas; **visibilizar o aporte social e económico** que realizan as mulleres empresarias,...é unha tarefa que debemos afrontar

Tamén é necesario **visibilizar outros modelos de masculinidade** alleos aos tradicionais. Homes que cambiaron os roles asignados por séculos, amos de casa, homes que comparten as tarefas do fogar, homes que collen o permiso por paternidade,...

A través da oportunidade que nos brinda este maratón fotográfico, podemos mostrar estes modelos, homes que defenden a necesidade de vivir a condición masculina dende a defensa das relacións igualitarias coas mulleres. Así tamén podemos dar a coñecer o traballo que moitos homes están facendo en xénero e en coeducación.

Esperamos que se faga honor ó título da maratón **“IMPLÍCATE”** e todos e todas participen nesta actividade que esperamos sexa un motivo de encontro para a ledicia e a celebración do desexo de igualdade.



## **PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas aquelas persoas interesadas maiores de idade que formalicen a súa inscrición na folla de solicitude oficial, antes do día **16 de novembro ás 12 horas**.

## **INSCRICIÓN:**

A inscrición poderá formalizarse cubrindo a ficha de solicitude persoalmente na Área de Igualdade do Concello de Camariñas, sita na Casa de Pedra, rúa Praza de Insuela, s/n. Por medio do correo electrónico cubrindo a folla de solicitude que encontrará na páxina web [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net) e enviándoa o correo electrónico [muller.ssociais@camarinas.net](mailto:muller.ssociais@camarinas.net). E tamén por correo certificado ou por Fax o número: 981 73 61 99 ata a data arriba citada.

## **CATEGORIAS:**

A participación será en categoría dixital que deberán entregar as súas fotos en formato de arquivo JPEG, modo de cor RGB, e a unha resolución suficiente para amplialas a 20\*30 como mínimo ou no seu defecto á máxima calidade das cámaras. A organización entregarlle un CD onde inxerirán as fotos a concurso realizadas durante a Maratón.

## **NORMAS E DESENVOLVEMENTO DA MARATÓN:**

- SAIDA: Ás 10:30 horas do día 21 de novembro darase saída ao Maratón no centro cultural da Ponte do Porto onde se informará dos temas obxecto das fotos a realizar. Nese momento entregaráselle a cada participante o seu número de identificación e material que deberán poñer e empregar durante o transcurso da maratón.
- TEMAS E CONTROIS: As persoas participantes deberán realizar catro fotografías, dúas por cada grupo temático. Os grupos temáticos serán a VISIBILIZACIÓN e a IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. Todas as fotografías deberán realizarse dentro dos límites do Concello de Camariñas. As persoas participantes deberán pasar os controis nos lugares e horas indicadas pola organización. Quedarán descualificada/os aqueles/as participantes que non pasen polos controis obrigados no tramo e horario definido.
- ENTREGA DE FOTOS AO FINAL DO MARATÓN: As persoas participantes deberán entregar o CD facilitado pola organización, na casa de pedra de Camariñas, entre as 19:00 e as 20:30 horas. As persoas participantes deberán entregar á organización o CD “Implícate” na que incluírán as catro fotografías que presenten a concurso. Se algún participante non pode facer a gravación do CD a organización disporá dun lugar habilitado para realizar a descarga das fotografías. As fotos solo poderán presentarse no material proporcionado pola organización.

Se algún/ha participante necesita de equipo informático para realizar a descarga de fotos no CD “Implícate” poderá facelo no lugar e horas que estarán especificadas nas follas de orientación que se entregarán os/as participantes no punto de saída da Maratón.



## **PREMIOS:**

Os premios para as persoas gañadoras serán:

Premio....1000€ á mellor fotografía.

Premio....400€ á segunda mellor fotografía.

Premios **especiais ás mellores fotografías realizadas por persoas do Concello de Camariñas\***, que consistirá:

Premio de 100€ en metálico a mellor fotografía.

Premio de 100€ a segunda mellor fotografía a gastar en calquera establecemento do concello de Camariñas.

**\*Será necesario acreditar a condición de cidadá do concello por medio de volante de empadramento ou ben fotocopia de DNI onde apareza a dirección do concello.**

Os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais correspondentes segundo a normativa legal vixente e serán entregados no acto oficial que determine a organización e que se comunicará ás persoas gañadoras.

## **XURADO:**

O xurado de cualificación, realizará a valoración e selección das series e fotografías presentadas. Estará composto polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:** O alcalde do Concello de Camariñas

**VOCAIS:** Un mínimo de dos persoas relacionadas co mundo da fotografía, da imaxe, artes ou medios de comunicación e con coñecementos de igualdade...

**SECRETARIO:** Persoal técnico municipal con voz pero sen voto.

O primeiro premio pode quedar deserto se así o consideran por unanimidade as persoas participantes no xurado.

## **EXPOSICIÓN:**

Realizarase unha exposición coas fotografías premiadas e mailas seleccionadas polo xurado polo seu interese e calidade técnica e creativa. O lugar e a data será publicitada na web oficial do Concello de Camariñas. O resultado do veredicto do xurado e a entrega de premios realizarase o día da inauguración desta exposición e será inapelable.

## **NORMAS DO MARATÓN:**

Serán descalificadas aquelas persoas participantes que non acudan a cada un dos controis obrigatorios no tramo horario determinado en cada control. Así como aqueles/as que incumpran algunha norma das bases da maratón.



Unha mesma persoa non pode se beneficiario/a de máis dun premio na mesma edición.

A organización non se fai responsable do deterioro ou extravío que puidese sufrir os arquivos dixitais.

As obras presentadas á maratón quedarán en propiedade do Concello de Camariñas. O/A autor/a conservará a autoría intelectual aínda que, cederá en exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución das series fotográficas, e das fotografía, para a súa exposición, publicacións ou en calquera outra modalidade que o Concello considere oportuna.

Só poderán participar as persoas inscritas segundo as normas deste maratón e que se identifiquen con DNI ou documento oficial no control inicial.

Durante o transcurso do maratón existirá un Comité de control, formado por tres persoas da organización, que estará facultado para resolver as controversias ou circunstancias especiais que puidese xurdir, así como para interpretar as presentes bases. A súa decisión terá carácter definitivo. A participación neste maratón implica a plena aceptación das bases.

Para calquera dúbida ou aclaración:

- **Teléfono:** 981737004
- **Dirección:** ATT/ Área de Igualdade. Praza de Insuela, s/n 15123 Camariñas
- **Horario:** 8:00 ata 14:00 horas.
- **Persoa de Contacto:** Patricia Vaquero. Técnica de Igualdade do Concello de Camariñas
- **Correo electrónico:** muller.ssociais@camarinas.net